

PATRIMONIO NACIONAL

1730

Luis García Berlanga, 1981

ESTREA EN NUMAX: 28.04.2026 | V.O. | +12 | 106 min

Tras a morte de Franco e a restauración da Monarquía, o marqués de Leguineche regresa ao seu palacio de Madrid. Logo de trinta anos de exilio voluntario na súa finca Los Tejadillos, propónse achegarse ao Rei para reanudar a vida cortesá de antes. Porén, non resulta nada doado acceder á Casa Real.



Mellor que un agasallo soñado

Por Miguel Albadalejo

Non tivestes nunca a sensación de que a planos secuencia de Berlanga flúen cheos de movemento, ensánchase, e ás veces quebran igual que ocorre moitas veces nos sonhos? O seu cinema, estando sempre tan pegado á realidade, ten tamén unha calidade onírica por ese estilo seu tan característico de mover durante minutos e minutos a grandes grupos de actores, falando cada un do seu, enguedellándose nunha esmendrellante incomunicación chea de absurdos. Porque, alguén soña en plano/contraplano? Quero pensar que non. Os sonhos son en plano secuencia, como as películas de Berlanga. Iso leva a outra pregunta: alguén soña comedias? Eu non, desde logo, aínda que talvez se deba tamén á miña propia deformación profesional de persoa melancólica e tendente ao drama.

Creo que Berlanga, e aquí lanzo outra teoría, tamén rodaba así porque era un gran «desexador», se se me permite o palabra. El dicía sempre que facía as películas dese xeito porque era preguiceiro, ou, como pouco, porque lle daba moita preguiza a montaxe. Pero ningún director preguiceiro organizaría longuísimas coreografías de cámara con multitude de actores e subtramas entrelazadas, atravesando espazos enormes, subindo por escaleiras e entrando e saíndo por fiestras, para ter ao final do día 4, 5, 6, ou como moito 9 minutos de película. Esa forma de traballar é xusto o contrario á preguiza, é máis ben como escalar unha montaña cada día.

Por iso *Patrimonio nacional* (1981) debeu de ser para el como un agasallo soñado, como un soño desexado. A constatación perfecta dese querer que isto non se acabe nunca, como nos namoramentos, os sonhos felices ou as mellores festas. É unha película que é un premio. Primeiro para os que a fixeron, Berlanga, Azcona, Alfredo Matas e todo equipo. Pero tamén para nós, os que a vimos cando se estreou e os que a foron descubrindo máis tarde. Con *La escopeta nacional* (1978) xa deran na diana, en todas as dianas posibles, porque por fin o país parecía estar preparado para gozar do cinema que eles levaban facendo desde había anos. A película, como as anteriores de Berlanga, tivo o indiscutible apoio da crítica e o público máis cinéfilo, pero esta vez tamén levou ás salas ao gran público e foi a película española máis recadadora ese ano.

Patrimonio, como *O padriño. Parte II* (Francis Ford Coppola, 1974) ou *O imperio contraataca* (Irvin Kershner, 1980), debe de ser unha desas escasísimas secuelas que superan a película que inicia a serie, e teño a sensación de que Berlanga e Azcona fixeron unha película tan divertida e tan imaxinativa porque tanto o un como o outro estaban a gozar dunha auténtica historia de amor cos personaxes que crearan na escopeta. E, aínda por riba, inventaron un personaxe novo que elevaba aínda máis o listón, esa marquesa totémica, entre terrorífica e divertidísima, que interpretou Mary Santpere.

Entre ela e Amparo Soler Leal, a esposa temible da primeira película, e outra comedianta xenial, xerábase un tándem inmediato e impagable. Berlanga e Azcona crearon para elas unha marabillosa complicidade entre mulleres e fixeron que as dúas xuntas, sogra e nora, fosen gloria pura. Por iso digo que *Patrimonio* foi un premio, e un agasallo, e tamén un soño, o de continuar unha película anterior para que non teña fin, coma se o ideal de Berlanga de alongar as tomas ata o máximo puidésese materializar non xa día tras día, senón película tras película, ata o infinito, para sempre.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Berlanga,
Miguel Ángel Villena.
Tusquets

El cineasta
austrohúngaro.
Conversaciones con
Berlanga,
Manuel Hidalgo / Juan
Hernández Les.
Alianza